

ES-FACTORY. Rede de Aceleradoras de economía social para impulsar e consolidar empresas en novas actividades emerxentes de Galicia e o Norte de Portugal

BASES DA CONVOCATORIA: EMPRENDE EN LARANXA

1. INTRODUCCIÓN

O **proxecto de cooperación interrexional “ES-FACTORY”** está constituído polas seguintes 8 entidades:

- Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais da Xunta de Galicia.
- Universidade de Santiago de Compostela- USC.
- Asociación Galega de Cooperativas Agrarias – AGACA.
- Unión de Cooperativas ESPAZOCOOP.
- Universidade de Trás-os-Móntes- e Alto Douro – UTAD.
- Associação Centro Incubação Base Tecnológica do Minho – ACIBTM.
- Associação Universidade-Empresa para ou Desenvolvimento – TecMinho.
- Agrupación Empresarial de Sociedades Laborais De Galicia – AESGAL.

O proxecto ES-Factory ten como **obxectivo o impulso e consolidación de emprego de calidade** en novas actividades emerxentes do territorio transfronteirizo que se vaian desenvolver **a través da economía social**.

Como obxectivos xenerais, este proxecto pretende:

1. **Detectar novas oportunidades e liñas de negocio en actividades emerxentes** de Galicia e o Norte de Portugal que fomenten a retención e atracción de talento emprendedor.
2. Impulsar a profesionalización do ecosistema emprendedor e potenciar, atraer e reter talento no territorio transfronteirizo.
3. **Crear unha Rede de Aceleradoras de Economía Social Transfronteiriza**, a través da cal se desenvolverán accións formativas, para incrementar as capacidades e habilidades das persoas da área de cooperación, programas de asesoramento e acompañamento, espazos de encontro, de investimento e nos que conectar a oferta coa demanda para dar a posibilidade de coñecer a opinión dos potenciais clientes sobre os produtos/servizos das persoas emprendedoras.
4. **Identificar e promocionar o peso da economía social** a través do Observatorio da Economía Social de Galicia e o Norte de Portugal.

Esta convocatoria de **Emprende en Laranxa** pretender **detectar novas oportunidades e liñas de negocio en actividades emerxentes de Galicia e o Norte de Portugal que fomenten a retención e atracción de talento emprendedor**.

ES- FACTORY é un proxecto cofinanciado ao 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) da Unión Europea no marco do Programa de Cooperación INTERREG VI-A ESPAÑA – PORTUGAL (POCTEP) 2021-2027.

2. CONCEPTOS

A **economía laranxa** refírese ao conxunto de actividades económicas que xiran arredor da cultura, a creatividade, a arte e a propiedade intelectual. Inclúe industrias como **o cine, a música, o deseño, a literatura, a moda, a arquitectura, a publicidade, os videoxogos, as artes visuais e ou plásticas, a gastronomía, o turismo cultural e/ou creativo**, entre outras. A idea principal é **que a creatividade humana, como recurso intanxible, é o motor deste sector económico**. Este tipo de economía **céntrase na xeración de valor a partir de ideas, coñecementos e talento creativo**, máis que en bens materiais.

Este tipo de economía está a gañar relevancia porque en moitos países **é unha fonte crecente de emprego e ingresos**. Ademais, nun mundo cada vez máis dixitalizado, a creatividade e o contido orixinal teñen un valor económico crecente.

Para promover as industrias creativas, a economía laranxa non só impulsa a innovación, senón que tamén ten o potencial de fortalecer as economías locais e fomentar a inclusión social e o coidado do medio ambiente.

Pola súa banda, a **economía social** en Galicia está regulada pola **Lei 6/2016, do 4 de maio, de economía social de Galicia**. Segundo esta lei, a economía social refírese ao conxunto de actividades económicas e empresariais que, no ámbito privado, perseguen **intereses colectivos** ou **sociais**. As entidades de economía social perseguen o interese colectivo das persoas que as integran, o interese xeral económico ou social, ou ambos

Principios fundamentais da Economía Social:

1. **Primacía das persoas e do fin social sobre o capital**, que se concreta nunha xestión autónoma e transparente, democrática e participativa, a cal leva a priorizar a toma de decisións máis en función das persoas e as súas achegas de traballo e servizos prestados á entidade, ou en función do fin social, que en relación ás súas achegas ao capital social.
2. **Aplicación dos resultados obtidos da actividade económica ao fin social obxecto da entidade**, ao servizo da consecución de obxectivos como o desenvolvemento sostible, o interese dos servizos aos membros e o interese xeral.
3. **Promoción da solidariedade interna e coa sociedade** que favoreza o compromiso co desenvolvemento local, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a cohesión social, a cooperación, a inserción de persoas con discapacidade e de persoas en risco ou en situación de exclusión social, a xeración de emprego estable e de calidade, a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, e a sustentabilidade.
4. **Independencia con respecto aos poderes públicos**.
5. **Compromiso co territorio**, fronte ao despoboamento e o envellecemento no medio rural galego, inxectando estabilidade e futuro.
6. **Fortalecemento da democracia institucional e económica**.

En resumo, a Economía Social busca crear un modelo empresarial máis inclusivo e xusto, onde as persoas e o benestar colectivo son prioritarios, por riba dos beneficios puramente económicos.

3. EMPRENDE EN LARANXA

Emprende en Laranxa é unha convocatoria procedente do **proxecto de cooperación interrexional “ES-FACTORY”** para **detectar novas oportunidades e liñas de negocio da Economía Laranxa** de Galicia e o Norte de Portugal a través de persoas e entidades que aporten ideas para abordar as necesidades e retos vencellados neste ámbito en relación coa Economía Social.

3.1. A quen vai dirixida esta convocatoria?

A toda persoa interesada en participar aportando ideas ou colaborando na co-creación das mesmas tales como entidades de economía social, asociacións empresariais e agrupacións industriais, centros tecnolóxicos e universidades, estudantes, persoas emprendedoras...

3.2. En que consiste o evento Emprende en Laranxa?

No evento de Emprende en Laranxa escolleranse as ideas con máis interese por parte das persoas asistentes e crearanse grupos de traballo que serán facilitados por persoas expertas en dinamización de grupos e emprendemento social para pasar da idea á oportunidade de negocio. Aprenderase a mapear as necesidades e darlles respostas nun contexto de innovación social, tendo en conta as principais dificultades e tamén os resultados esperados.

É importante ter en conta que non todas as ideas serán escollidas para traballar e que algunhas poderán mesturarse para dar resposta aos intereses das persoas participantes.

A estrutura do evento, que terá unha duración de 9.30 a 14.00 horas, será a seguinte:

9.15-9.30h.-Recepción.

9.30-11.00h.-Ateraxe en Emprende en Laranxa: selección de ideas a traballar, creación de grupos de traballo e identificación de necesidades no contexto da innovación social.

11.00-11.30h.-Pausa café.

11.30-13.50h.-Despegue en Emprende en Laranxa: deseño dos proxectos, identificación de retos e resultados e proposición de ideas de negocio.

13.50h.-Peche.

3.3. Para que serve participar en Emprende en Laranxa?

Os proxectos ou ideas con maior grado de madurez ou con maior proxección serán recomendados noutras actuacións realizadas no marco do proxecto ES-Factory ou incluso a outros servizos de apoio para impulsar a súa creación, así coma, captación de financiamento para o desenvolvemento do seu proxecto empresarial.

Ademais, o encontro celebrarase nunha dinámica xornada de traballo que permitirá, por unha banda, coñecer persoas, proxectos e ideas afíns e, por outra, aprender a metodoloxía empregada para ser replicada no futuro cas mesmas ou con outras ideas ou emprendementos.

No caso de presentar unha idea xa en funcionamento, terás a oportunidade de coñecer as visións doutras persoas e recoller todas as súas aportacións sobre como potenciar a o teu modelo de negocio.

3.4. Que tipos de ideas se poden presentar en Emprende en Laranxa?

Ideas de produtos e/ou servizos da economía laranxa (cine, música, deseño, literatura, moda, arquitectura, publicidade, software, videoxogos, artes visuais e/ou plásticas, gastronomía, o turismo cultural e/ou creativo...) en estado de idea, proxecto, prototipo ou modelo negocio en activo que teñan impacto social e que melloren a vida das persoas ou do medio ambiente.

3.5. Como podo participar en Emprende en Laranxa?

Cubrindo o [formulario de inscrición](#) e asistindo ao acto que celebrábase no Edificio Fontán da Cidade da Cultura, en Santiago de Compostela, o día 4 de novembro.

Tamén é posible aportar ideas sen asistir ao evento ou asistir ao evento sen ter aportado ideas.

3.6. Cal é o uso da información recollida tras a participación?

Por parte da Xunta de Galicia, beneficiario principal do **proxecto de cooperación interrexional “ES-FACTORY”**, a información obtida dos formularios e da participación no evento Emprende en Laranxa servirá para a elaboración dun informe que recolla 10 oportunidades de negocio da Economía Laranxa en Galicia e Norte de Portugal que xeren valor á economía social co obxectivo de que axuden a reter e atraer o talento emprendedor nesta área como resposta ao reto demográfico.

As persoas participantes son libres de facer uso desa información compartida xa que no texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/1996, do 12 de abril exclúe da protección as ideas, os procedementos, métodos de operación ou conceptos matemáticos.

Para máis información sobre o evento Emprende en Laranxa podes contactar no seguinte enderezo de correo electrónico: info@es-factory.eu.

Interreg



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pela
União Europeia

Es_factory

España - Portugal



www.es-factory.eu



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN



El proyecto 0259_ES_FACTORY_1_E está cofinanciado por el Fondo Europeo de Desarrollo Regional FEDER en el marco del programa Interreg VI A España - Portugal (POCTEP) 2021-2027